

Cando chegou a noite

XULIO VALCÁRCEL

xulioiv@gmail.com



O libro de Antón Seoane
articúlase sobre a
célebre canción de
José Alfredo Jiménez
'Amanecí en tus brazos'

Máis cedo ou máis tarde, pero sempre antes do que quixeramos, chega un momento no que deixamos de mirár adiante e volvemos a vista sobre o camiño percorrido. As experiencias, os afectos, os erros e os acertos conforman entón unha paisaxe íntima na que tamén aparece, inevitablemente, a conciencia da propia finitude. Saber que a vida ten un final non diminúe o seu valor, ao revés, convértea nun ben máis precioso: cada novo amencer é un milagre.

A morte forma parte da nosa condición. Non é unha derrota da medicina nin un fracaso da sociedade. É, sinxelamente, a derradeira liña, o punto e final do destino que temos escrito. O verdadeiro fracaso sería permitir que ese tránsito o dominase a dor, a degradación ou o sufrimento prolongado, cando xa non hai ningunha posibilidade de recuperación. A ciencia médica debe curar cando é posible e aliviar e acompañar sempre. O dereito a unha morte digna nace, precisamente, do respecto á dignidade da persoa. Unha dignidade que non desaparece coa enfermidade,

coa vellez nin coa proximidade do final; xustamente cando debe ser máis amparada e protexida. Cada quen debería poder decidir, dentro das garantías establecidas pola lei, como afrontar os seus últimos instantes, recibindo unha información clara, libre de presións e auxiliada por criterios profesionais cualificados.

Unha sociedade verdadeiramente consecuente e solidaria non abandona a quen sofre; ao contrario, pon ao seu dispor os coidados máis axeitados, os recursos asistenciais necesarios, o acompañamento psicolóxico (e espiritual para quen o desexe) e, cando a lexislación así o contemple e se cumpran todos os requisitos, tamén os procedementos que permitan evitar unha agonía cruel e inútil. As garantías xurídicas, a avaliación médica e o respecto á vontade libre e consciente do afectado, constitúen salvagardas para que unha decisión de tal transcendencia se adopte con plena seguridade ética e legal.

Heroes e mártires

Son temas complexos e delicados, que trata con extraordinaria valentía, rigor e "verdade" Antón Seoane no seu excelente libro 'Cando chegou a noite. A finitude do ser e a morte digna' (Edicións

Laivento. Ensaio. Santiago, 2026. 92 páx.), estremecido e estremecedor testemuño do proceso da doenza e desaparición da súa compañeira Maite.

Falar da morte digna non significa exaltar a morte, senón defender a vida ata o seu derradeiro intre, preservando o que lle dá sentido: a liberdade, a autonomía e a dignidade. Porque vivir con dignidade implica tamén despedirse sen humillación, sen dor, e rodeados de

afecto, coidado e atención. O final da existencia debería ser un tempo de humanidade compartida, serenidade e paz.

"Al rey la vida y la hacienda se ha de dar", di Calderón, por boca de Pedro Crespo, en 'El alcalde de Zalamea'. E sorprende, sinala Novoa Santos, que non se permita dispoñer da propia vida e se acepte, se valore e se enalce entregala pola fe, no martirio, ou, heroicamente, pola patria, no campo de batalla.



Ilustración de Gosia Trebacz | CEDIDA